

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2014/09

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 29 de xullo de 2014.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e quince minutos do día **29 de xullo de 2014** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D^a Ana María Martínez Fernández.
D. Horacio Cupeiro Rodríguez
D^a Maria Teresa González Piñeiroa.
D. Vicente Castro Reigosa
D.Xavier Campos López

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.
D^a Maria del Campo López-Braña Freije
D. José Manuel Yañez Dablanca.

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Concelleiros ausentes na sesión:

D^a Azucena González Loredo (PP) Disculpa a súa ausencia.

Secretario Xeral:

D. José A.Carro Asorey

Interventor:

D. Luis Vázquez Parga

Tecnico de Admón.Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2014.01.30.-APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 22 DE MAIO DE 2014 E 11 DE XUÑO DE 2014.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2014.02.31.-FIXACIÓN DE DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA 2015.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

Examinada a comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Lugo, recibida neste Concello o pasado día 25 de xuño de 2014, interesando, antes do día 30 de setembro, a notificación coas datas dos DOUS DÍAS festivos locais que se sinalen polo Concello para o ano 2015.

Esta Alcaldía,

PROPÓN ao Pleno Municipal que previo ditame da Comisión Informativa se adopte o acordo de fixar como festivos locais para o ano 2015 os días seguintes:

- * 17 de febreiro de 2015: Martes de Entroido.
- * 8 de setembro de 2015: Martes festividade de Santa María do Campo, patrona de Ribadeo.”

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar favorablemente á proposta de referencia nos propios termos da mesma para o Pleno municipal.”

Sen promoverse deliberación o Pleno Municipal en votación ordinaria por unanimidade dos membros presentes acorda prestar aprobación ao ditame e proposta de referencia, fixando en consecuencia días festivos en Ribadeo para o ano 2015 os seguintes:

- * 17 de febreiro de 2015: Martes de Entroido.
- * 8 de setembro de 2015: Martes festividade de Santa María do Campo, patrona de Ribadeo.

2014.03.32.-DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE.

Dase conta do informe de referencia quedando enterada a Corporación e dándose por cumprido o trámite.

2014.04.33.-DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO (2º TRIMESTRE DE 2014).-

Dase conta do informe de referencia quedando enterada a Corporación e téndose por cumprido o trámite.

2014.05.34.- ORZAMENTO XERAL PARA 2014.-

Dase conta do ditame da Comisión Informativa, por Secretaría, que se transcribe:

“Obra no expediente a proposta da Alcaldía-Presidencia de orzamento municipal para o exercicio 2013, que ascende 8.517.948,80 € tanto en ingresos como en gastos, así como a documentación correspondente do referido orzamento.

O Concelleiro delegado de Economía e Facenda Sr. Castro Reigosa fai unha ampla exposición de diferentes apartados tanto no orzamento de gastos como no de ingresos significando tamén que o retraso en traer o expediente para ditame da Comisión veu motivo entre outras cuestións pola demora nas negociacións dos funcionarios e persoal laboral que aínda non remataron.

Rematada a exposición e deliberación do asunto, por catro votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e tres abstencións (dos membros do Grupo Popular e do Concelleiro de UPRI, do Grupo Mixto) acórdase ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos propios termos da mesma, para someter ao Pleno municipal. “

O Sr. Alcalde abre un turno de debate.

Comeza D. Eduardo Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE no Grupo Mixto.

Explica que vai facer unha breve intervención so con ler o informe do Interventor e que se vai a limitar a falar de algún aspecto. Di que lle parece ben a recomendación que fai de facer licitacións para algún servizos e que tamén a porcentaxe de subvención de carácter directo é bastante abultada.

Comenta outra cousa que non sabe se está no informe do Interventor, que é que para facer as previsións dos dereitos recoñecidos hai que facer o cálculo tendo en conta os dereitos recoñecidos de exercicios anteriores, debendo prevalecer o criterio de caixa para calcular mellor os gastos, os pagos, liquidez, etc.

Indica que hai un detalle que non entendeu moi ben, que os dereitos recoñecidos no 2013 pola escola de música foron a metade das previsións iniciais para o 2014, pero que non ten ningunha importancia.

A continuación refírese a outro asunto, indicando que iso si que está nas recomendacións do Interventor, que é a necesidade de que para executar gasto exista unha previa expedición da correspondente certificación de existencia de crédito. Explica que iso se incumpreu en reiteradas ocasións. Di que haberá que establecer algunhas medidas de esixencia ou de responsabilidade do persoal municipal ou dos membros da corporación para que iso non suceda.

Referente ao tema de de adxudicación de contratos menores, di que habería que elaborar algún procedemento para garantir o cumprimento dos principios de publicidade, concorrência e veracidade.

Finalmente fala do método de cálculo dos dereitos de dubidoso cobro. Opina que iso é algo que xa se dixo en outras ocasións, que levan a lugar a unha ilusión e non a unha realidade, que o habería que revisar e ter un criterio de maior prudencia para que o cálculo dese remanente de tesourería sexa máis axeitado á situación de liquidez real.

Manifesta que públicamente se fala do ben que vai todo pero despois realmente soe haber algunhos problemas de tesourería.

Explica que é o único que ten que decir respecto do orzamento, pero que por outra banda este recolle o referente a persoal. Opina que hai persoal excesivo e que neste tempo tampouco se fixo nada por intentar mancomunar ou concertar servizos con outros concellos, sobretudo aqueles que se poden facer perfectamente, algunos que son inútiles e moi caros, e que polo menos ía costar a metade.

Remata a súa intervención manifestando que se vai abster.

A continuación intervén D. Agustín Reymóndez Gancedo, de UPRI tamén no Grupo Mixto.

Explica que están ahí con sete meses de demora para falar dos orzamentos do 2014 e opina que ahí realmente o peixe xa está vendido e que a oposición pouco ten que facer.

Manifesta que o orzamento é unha das cuestións máis importantes dun concello, que ás comisións non van todos e que entende que pertence a un grupo mixto pequeno, pero que quizais se acudirían ás reunións todos pois igual él ahí decía menos tonterías e preguntaba e ía mellor informado.

Manifesta tamén que lle extrana iso do Sr. Alcalde porque él sempre lles da participación a todos os portavoces nos temas importantes, pero que ahí non, que non lle costaba nada, que el incluso ía gratis. Tamén explica que aínda que sabe que é legar, lle parece inxusto.

Referíndose ao ano 2014 di que vai falar en relación ao concepto de ingresos, de 8.480.000 €, en concepto de gastos de 8.202.000 € e que hai un superávit non financeiro de 288.000 €. Di que o aforro neto é de 2,30 % sobre os ingresos correntes que se prevén liquidar. Explica que se supón que os ingresos que se prevén serán suficientes para poder facer fronte aos gastos e que se conta que haxa un aforro neto do 2,30 %.

Continúa decindo que o volume de endebedamento son 2.704.000 € e que realmente este endebedamento está dentro dos parámetros marcados pola normativa. Explica que o ratio que é un 34,25 %, que aínda que non é para votar foguetes, tamén cumpre o admitido.

Referente ao estado de gastos total, incluído o axuste, di que son 8.917.000 €. Di que se incrementa se o comparan co do ano 2013 nun 5,32 %.

Manifésta aos membros do equipo de goberno que ve un problema de competencias, xa que se está consignando unha serie de crédito para o exercicio 2014 para diferentes servizos e actividades que vai a ser moi difícil encaixar no sistema competencial do Concello. Pon por exemplo que o Concello non ten competencias en administración xeral de medio ambiente, na unidade asistencial de drogodependencias, en inmigración, en igualdade, fomento do emprego, en servizos complementarios da educación, en desenvolvemento empresarial, etc, que pensa que non ten competencias e que non están transferidas, que neste caso tiñan que vir da Xunta de Galicia. Opina que esas cantidades asignadas non sabe como se van poder encaixar.

Tamén manifesta que nalgún dos puntos enumerados, debido a crise que hai e por humidade, ve lóxico que se fagan.

Referente aos gastos de persoal, 3.572.000 €, que supón un 40% dos gastos do orzamento, aínda que se di que se reducen nun 0,7%. Explica que se recollen créditos para prazas e postos que se atopan cubertos por persoal que en principio era temporal e que agora por sentenza xudicial agora é indefinido ou fixo. Opina que neste caso non se fixeron os tramites legais para a selección destes traballadores e se vulnera o principio de igualdade, polo que igual hai un fraude de lei, según di o informe de Intervención.

Referente a outros gastos, como son por exemplo de inversión, o Concello de Ribadeo, a parte do PXOM, PEPRICH ou do ARI, hai poucas inversións reais, 17.000 € para unhas obras elevadas, 30.000 € para un saneamento na Rochela, unhas servizos que se van facer, amañar algo da Praza de Abastos.

Explica que esas partidas que se destinan a cousas nas que non ten competencia o Concello reducen o que son as consignacións para inversións reais, que son 415.000 aproximadamente.

Indica que no que son os gastos hai cousas moi curiosas, pero que se houberse acudido ás reunións igual se lle daba unha explicación convincente. Pon de exemplo que se crea unha partida para os seguros da Policía Local, 600 €, e que mirando os decretos os seguros dos 4 vehículos con creces supera os 1.500 €. Tamén fala dunhas partidas que se crean de 12.000 € para averías de vehículos e que lendo os decretos se supera.

Comenta que no análise do estado de ingresos se está a falar de 8.517.000 € se emprega un criterio como decía o Sr. Gutiérrez un criterio en función dos dereitos recoñecidos en exercicios anteriores, o que pode crear un déficit de liquidez, porque non se pode trasladar o de un ano para outro, e que conviría facer un axuste negativo como indica o Interventor, xa que hai previsións que non son moi creíbles.

Explica que no caso de ICIO e licencias urbanísticas, di que se no 2013 había unha previsión de 140.000 € para o 2014 hai unha previsión dun 200 % máis, 415.000 €, baseado en 2 proxectos. Un é o do gas, que ten licencia e está liquidado cun cómputo total de 165.000 €, e que o outro lle parece que é virtual pero que non saben cal é, que aparece no informe de Intervención pero que o interesado aínda non presentou ningunha solicitude nin liquidou nada.

Di que se está a falar de unhas cantidades moi grandes e que iso pode crear un risco a hora de facer este tipo de previsións de ingresos.

Falando do caso da escola de música di que o importe dos dereitos recoñecidos en 2013 somente supuxo a metade das previsións, o que quere decir que dos 75.000 € que había de previsións de ingresos ao ano na Escola Municipal de Música no 2013 somente se recibiu a metade. Di que as previsións para o ano 2014 seguen sendo as mesmas, que se está a falar de 75.000 €, e que no informe de Intervención de hai uns días so se cobraron 45.000 €, que faltan 35.000.

Referente á previsión dos aseos das Catedrais, que nun principio eran máis e agora se baixaron a 22.000 €, opina que aínda que teña algún reparo de Intervención, non sabe se iso é moito ou pouco, pero que recoñece que hai que partir de algunha cantidade e que seguramente para os próximos orzamentos se parta dunha cantidade real e non de unha virtual como neste caso.

No tema do IBI di que se fala de unhas previsións de 1.745.000 €, que suponen 65.000 € máis que no ano anterior, que supón unha subida do 3,5 %, e que non sabe se é subida de impostos ou se vai haber máis altas. Que este caso se fai na delegación de facenda.

No caso da recollida de lixo di que se pasa dunhas previsións no ano 2013 de 680.000 € a 710.000 € no 2014, un incremento do 4,7 %, que son 30.000 € máis e que tampouco sabe de donde sae, se vai ser tamén subida de impostos ou se vai haber novas altas.

Respecto a taxas e postos de mercados explica que no ano 2013 había unha previsión de 62.000 € e no ano 2014 pásase a 72.000 €, 10.000 € máis, un 16 % máis que non sabe de donde vai saír iso, se suben as taxas ou se van aumentar os comerciantes do mercado.

Di que outro tema que lle chama moito a atención, e insiste en que se fora á reunión informativa igual preguntaba e aclaraba a cousa, é que o prezo público por os pisos tutelados vai subir un 46%, pasando de 15.000 € que había de previsión no ano 2013 a 22.000 € no ano 2014. Manifesta que lle gustaría saber en base a que se fai esta subida, se lle van cobrar máis ás persoas que están nos pisos tutelados, se van aumentar as persoas ou se hai xente que antes non pagaba e agora ven outra que paga. Reitera que lle gustaría que llo explicaran.

Indica que pouco máis ten que decir, que pensa que son uns orzamentos difíciles de crer porque na banda do que son os ingresos hai bastantes irregularidades e cousas pouco creíbles e pouco palpables, e que nos gastos a cousa se deriva a cuestión que non son competencia do Concello, que aproba a humanidade que ten e a boa vontade que ten o equipo de goberno niso, pero que o Concello ten unhas competencias e que

se empezan a facer cousas que non lles competen poderían crear unha partida para baixar os baches da autovía ou amañar a carretera de Vilela que é da Deputación.

Explica que o que quere dicir é que estes orzamentos ve que hai un esforzo por parte do equipo de goberno de facer as previsións, pero que pensa que é pouco creíble.

Di que soamente lle pide ao equipo de goberno que cumpra co límite de gasto, co tipo de gasto fixado e calculado para o ano 2014, cousa que de non ser así, como os ingresos realmente non son creíbles de todo, se non se cumpre o tipo de gasto poden ter consecuencias adversas e garrafales para o Concello.

O Sr. Alcalde agradécelle a súa intervención e dalle a palabra a D. Manuel Valín Valdés, do Grupo Municipal do PP.

O Sr. Valín Valdés comeza decindo que despois de escoitar os comentarios dos anteriores concelleiros, di que a profundidade económica por parte dos dous lle alixreira a carga de meterse nese tema, tamén ten en conta que lle quita a palabra pero non as ideas a unha compañeira, xa que ela deixou feito xa parte do traballo, e di que dende ese punto de vista eles querían presentar un pouco por encima, non de números se non as ideas, xa que os números cadran perfectamente ao final como debe ser e que para iso están os informes de Intervención.

Cointinúa explicando que samente queren recoller unha serie de puntualizacións, que como dixo antes o Concelleiro de UPRI as puideron ter plantexadas na comisión. Di que o primeiro que lles chama a atención é o dos gastos de persoal que son o 42 % de cómputo total, e explica que é unha situación que se ven herdando dende atrás, que iso xa se ven escoitando dende fai 3 anos que levan eles ahí, e que o equipo de goberno xa leva dende 2003, polo que ese comentario xa se ten que asumir como algo propio. Manifesta que tamén escoitaron que se está en vías de conseguir unha racionalización, que era o que viñan pedindo en todas as presentacións dos presupostos no que atinxe a gastos de persoal, porque non se trata de despedir a xente se non de reorganizar ou racionalizar os servizos.

Falando do capítulo de gastos, no apartado de extinción de incendios di que suman casi 20.000 €, 5.000 en reparacións e 8.000 en carburante, 2.700 en seguros, e que hai unha preocupación por este aspecto, pero que polo visto se decidiu non contratar unha brigada contra incendios a pesar de que a Xunta pagaba o 75% e pregunta por que se rexeitou esa posibilidade cando supón que pode ser un custo incluso máis grande dadas as circunstancias.

Pasa a referirse ao capítulo cuarto no que hai incremento no orzamento de gastos de axudas de emerxencias sociais e a xente en desemprego. Di que é certo que no 2013 era pouco e se fixo un esforzo, e que a pesar de que non ten competencias para elo hai situación nas que hai que tomar decisións que afectan ao pobo aínda que xiren un pouco de costas á normativa.

Manifesta que tamén é certo que todo iso non se utilizou por completo, que hai unha liquidación na que sobra unha partida de diñeiro e sen embargo manteñen para subvencións de asociacións sociais eses 16.000 € considerados para o orzamento do presente.

Comenta que no orzamento de gastos tamén hai unha partida de comunicación na que aparecen dous teléfonos, un que aínda herda as siglas do GRUMIR e que se imaxina que será por alguna razón en concreto.

Referente a urbanismo di que hai unha partida de remuneracións do persoal laboral fixo de seguro colexial do Arquitecto Municipal e tamén se paga un arquitecto do ARI. Pregúntase porque ten que asumir o Concello ese gasto.

Intervén D. Vicente Castro Reigosa, do Grupo Municipal do BNG, e explícalle que iso ten que ser así que se non non podería presentar proxectos de obras nin actuar en representación do Concello.

Continúa o Sr. Valín Valdés referíndose aos cartos destinados á reposición da antiga nave da empresa Ribadeo, que son 6.000 €. Pregunta se ese local se usa polo Concello ou si se vai a destinar para algo ese local no caso de renovarse.

Referente á partida para a dirección técnica da residencia de maiores, que son 14.000 €, e pregunta si se asume dende o Concello por parte de personal propio ou se vai ser foráneo.

O Sr. Alcalde dille que lle responde a todo despois.

O Sr Valín Valdés continua intervindo manifesta que hai un par de locais que polo custo de aluguer ou mantemento son cifras importantes, o Cine Teatro con casi 10.000 € ao ano e a Casa da Ría, que agora está en desuso, pero que ten un custo de mantemento de luz, limpeza e alarma. Di que o mesmo pasa co ascensor, 4.500 € de luz e mantemento e a parte limpeza e averías.

Maniefsta o Sr. Concelleiro no uso da palabra que ao mellor se podía buscar unha solución ao igual que se ten buscado noutros lugares que axudase a solventar un pouco esa pesada carga.

A continuación critica que para os órganos de goberno hai sobre 13.000 € para publicidade, anuncios de prensa ou estudos técnicos e di que, aínda que xa se dixo máis veces, no o van deixar de decir ahí xa que supón unha cantidade moi alta, vendo outras partidas, para publicidade de semente aquilo que se fai por parte do equipo de goberno.

Indica que tamén hai unha cuestión que advirte Intervención, que é a modificación das pagas extra, do concepto de pagas extra, que non existe legalmente pero que ata agora valeulles para poder cobrar o que o resto non puido cobrar, que foi a paga extra do ano 2012.

Manifesta que no 2013 estaba prohibido por lei incrementos salariais e que aparece unha partida de pago ao persoal, incluído o Alcalde se supón, unha compensación por IPC en abril e que este ano se consolida.

Referente aos problemas que hai co persoal e o convenio, que xa foi comentado na comisión correspondente, di que chaman tamén a atención sobre ese punto.

Explica que no 2013 había unha partida de contenciosos e xurídicos de 12.000 € pero que se viu incrementada ata 50.000.

Continúa referíndose que a súa postura vai ser a mesma que a de outros anos e se van abster porque é un presuposto que o equipo de goberno fai dende a súa perspectiva, que eles o podían ter feito de outra maneira, que as dúbidas que podía plantexar sobre algún coste ou desaxuste soamento eso, axustes dinerarios de Caixa e que nada máis, que se absteñen con respecto a ese presuposto cos comentarios feitos.

D Vicente Castro dille que non sabe donde veu que eran 50.000 para a partida de xurídicos e contenciosos, que non hai nada diso, que pode ser unha confusión.

O Sr. Valín Valdés di que o revisarán e que retira o comentario. Comenta que no 2013 había unha previsión de 12.000 e que se gastaron 50.000.

D. Vicente Casto di que el pensaba que lle estaba a decir que para o 2014 había unha previsión de 50.000 €.

O Sr. Valín volve a repetir que estaba a falar do ano 2013 e que se estaba a referir ao desfase.

O Sr. Castro Reigosa di que para este ano o que hai e unha previsión de 15.000 € e di que a desviación do ano pasado ven dada por unha reclamación. Continúa explicando que hai un argumento que é a previsión e aplazamento de dereitos que sigue o criterio de previsión, como se fixo no 2013 e non un criterio de Caixa, e que o mesmo ocorre en gastos, que seguen un criterio de previsión e non de Caixa, por exemplo

nos gastos de persoal que hai 12 plazas vacantes que hai que orzamentalas pero que non hai criterio de Caixa porque non se pagan, e que para ingresos seguen o mesmo criterio que para gastos.

Segue coa súa explicación e di que iso se fai para que non haxa desequilibrios e que de feito como se pode comprobar nos últimos anos, non o houbo e que todos os orzamentos se pecharon con resultado positivo, que é algo que se revisa ao detalle. Repite que non se segue en ingresos o criterio recomendado de caixa, pero que tampouco se segue en gastos, xa que hai que orzamentar persoal que non teñen.

Referente a revisión do gasto o Sr. Castro Reigosa manifesta que a retención de crédito para cada gasto que se realiza era unha norma que xa se viña cumprindo, non totalmente, e que este ano se vai cumprir, non ao 100% pero si ao 90 ou 90 e tantos por cen. Explica que todo gasto ten a súa previa proposta e se fai a retención correspondente para evitar sorpresas e desviacións importantes ao final do exercicio.

Di que non sabe se o tema da adxudicación de contratos menores se iniciou xa, pero que están a iniciar a aplicación de contratos menores, que este ano practicamente non os houbo pero que os van a iniciar a partir de agora e que se publicarán na páxina web do concello.

Explica que lle chama a atención a referencia ao cálculo del dubidoso cobro do 2013 porque nese ano casi foi o dobre que no 2012, e que na liquidación do 2013 a maior parte eran dese ano e se cobraron casi o 80 % no 2014, pois non lle parece unha desviación tan grande. Di que no primeiro trimestre de 2014 se cobraron máis de 1.000.000 € de ingresos pendentes de 2013 e que iso vai pasar normalmente a finais de todos os exercicios, xa que no mes de decembro moitos provedores teñen facturas pendentes de presentar, proxectos e obras importantes tamen se facturan a finais do exercicio e, como é o caso do ano pasado, quedaron catrocentos e pico mil euros certificados do pabillón que estaban pendentes de cobro e se cobraron a primeiros de ano.

Tamén pon por exemplo que a primeiros de ano se cobrou a participación nos tributos do Estado, en xaneiro se cobraron os da Xunta. Di que hai unha serie de partidas que sempre se van a igresar a principios do exercicio seguinte e que polo tanto sempre vai haber unha partida importante pendiente de cobro ao final de cada exercicio, que iso vai pasar esteña quen esteña a menos que se cambie a norma.

Referente ao tema do persoal excesivo, di que lle chama a atención que digan iso cando hai 12 vacantes sen cubrir, e que non se poden cubrir evidentemente. Di que o de caro, pregúntase si farían referencia ao tema dos informes que saían caros, que non sabe exactamente pero que calcula que parte deses informes saen de persoal que ten subvención, que non o ten ao 100% pero casi.

Fai mención ao que decía o Sr. Reymóndez Gancedo de que estaban no sétimo mes e xa estaba o peixe vendido, e di que non, que a maior parte do peixe está aínda por vender, pero dalle a razón no outro tema e dille que vai propoñer que se lle invite á próxima comisión de orzamentos.

O Sr. Castro Reigosa continúa explicando como contan ter resolto o tema de negociación co persoal, que foi o motivo de retraso e que intentaron pechar, porque por exemplo o tema da paga compensatoria do IPC que se incorpora para a bolsa de negociación, que está no orzamento pero como bolsa de negociación, que falan de gastos de persoal liquidados no 2013 para que podan ser obxecto de negociación en 2014 e seguintes.

Referente ao que decía o Sr. Reymóndez de UPRI do endebedamento, di que a gran carga de endebedamento deste Concello se debe aos dous plans de pago a provedores, aínda que o primeiro xa está liquidado, e o 2012-2013 suman preto de 1.900.000 €. Di que incluso parte dos préstamos de peche de 2013 xa están liquidados, polo que se está a reducir a pasos axigantados e que posiblemente teñan menos débeda que cando empezaron. Explica que soamente acudiron a préstamo para os dous plans de pago e nada máis e que o foron amortizando ano trais ano.

Falando do tema de competencias ao que fai referencia o Concelleiro de UPRI contesta que a el tamén lle gustaría saber cales son as súas competencias, xa que o Ministerio di unha cousa e a Xunta outra, se establecen certas medidas cautelares e transitorias e que son precisamente para que a Xunta e as administracións non se fagan cargo dos gastos que si se ten que seguir facendo cargo o Concello, pero

eses gastos non os recollen, como por exemplo educación, ensino e algún máis. Explica que por este motivo os teñen que coller porque se non préstanse poucos servizos, que o día que alguén lles mande parar pois pararán e que tamén tratarán de desfacerse de algún deses servizos que non lles corresponde para que se faga cargo a administración competente.

Do tema de persoal di que o persoal real baixa ano tras ano e que houbo prazas que se amortizaron. Recoñece que hai prazas que vulneran o principio de igualdade, pero que os servizos hai que prestalos polo que seguen prestándose. Explica que en todos os gobernos hai persoal na mesma situación e supón que todos asumirán a súa parte de culpa.

Referente ao tema de que hai poucas inversións di que estas aumentaron, aínda que foron en pequenas partidas, e que teñen unha partida importante de ARI de urbanización de rúas da que eles aportan o 60 % de fondos propios e son 215.000 €. Reitera que este ano aumenta a aportación de fondos propios do Concello e que a inversión tamén aumenta, que son pequenas obras que resolven pequenos problemas ou pequenos servizos mal prestados.

A continuación refírese aos seguros e dalles a razón no exposto. Explica que eles chegaran a un acordo coa compañía de seguros, que pactaran unha serie de presos para este ano e que cando chegaron os recibos era outra. Di que se firmara unha proposta de seguro vehículo por vehículo, pero que nos tres primeiros recibos se percataron de que non se cumpríu.

Rematada a deliberación a Corporación, por sete votos a favor (dos membros do BNG) e cinco abstencións (dos membros do PP tres, un do Concelleiro do PSG-PSOE e outro do Concelleiro de UPRI, ambos no Grupo Mixto), en votación ordinaria, acorda:

Primeiro. – Aprobar o límite máximo de gasto non financeiro para o exercicio 2014, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, de acordo co artigo 30.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que se fixa en 7.440.574,85 euros.

Segundo. - Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Ribadeo para o 2014, o detalle do cal a nivel de capítulo é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS			ESTADO DE GASTOS		
Cap.	Denominación	Euros	Cap.	Denominación	Euros
1	Impostos directos	2.432.000,00 €	1	Gastos de persoal	3.572.194,54 €
2	Impostos indirectos	415.000,00 €	2	Gastos en bens correntes e servizos	2.897.971,72 €
3	Taxas e outros ingresos	2.430.193,14 €	3	Gastos financeiros	130.027,77 €
4	Transferencias correntes	2.612.995,76 €	4	Transferencias correntes	207.005,00 €
5	Ingresos patrimoniais	7.250,00 €	5	Continxencias	0,00 €
6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €	6	Investimentos reais	1.017.397,50 €
7	Transferencias de capital	593.464,36 €	7	Transferencias de capital	377.711,83 €
8	Activos financeiros	27.045,54 €	8	Activos financeiros	27.045,54 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €	9	Pasivos financeiros	288.594,90 €
Total Estado de Ingresos		8.517.948,80 €	Total Estado de Gastos		8.517.948,80 €

Terceiro. – Deixar sen efecto as modificacións de crédito 03/2014 e 06/2014 realizadas sobre o orzamento prorrogado, por estar contemplados nos créditos iniciais do orzamento de gastos que se aproba, a consignación para levar a cabo as actuacións a que se referían ditas modificacións.

Cuarto. - Aprobar as Bases de Execución do devandito Orzamento, constando as mesmas de cincuenta e catro artigos, unha disposición adicional e unha disposición final.

Quinto. - Aprobar o Cadro de Persoal deste Concello de Ribadeo para 2014 que figura como Anexo no expediente do Orzamento, conforme ao seguinte:

**CADRO DE PERSOAL CONCELLO DE RIBADEO
ORZAMENTO XERAL DE 2014
Artigo 90.1 Lei 7/1985, de 2 de abril, RBRL**

A) PRAZAS RESERVADAS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO	OBSERVACIÓNS
1.- HABILITACIÓN DE CARÁCTER ESTATAL				
1.1.- SECRETARIO	1	1	A1	Comisión Servizos
1.2.- INTERVENTOR	1	---	A1	
2.- ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL				
2.2.- SUBESCALA ADMINISTRATIVA				
2.2.1.- TECNICO ADMINISTRATIVO	1	---	A1	
2.2.2.- TECNICO ADMINISTRATIVO	1	1	A2	Vacante
2.2.3.- ADMINISTRATIVO SECRETARIA	2	---	C1	
2.2.4.- ADMINISTRATIVO (TESORERO)	1	---	C1	
2.2.5.- ADMINISTRATIVO (RECADADOR)	1	---	C1	
2.2.6.- ADMINISTRATIVO (RENDAS-EXACCIONS)	1	---	C1	
2.3.- SUBESCALA AUXILIARES				
2.3.1.- AUXILIARES ADMINISTRATIVOS	1	1	C2	Cuberta Interinidade
2.4.- SUBESCALA SUBALTERNOS				
2.4.1.- ORDENANZA	1	---	C2	Procede Policía Local
3.- ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
3.1.- SUBESCALA TÉCNICA				
3.1.1.- ARQUITECTO	1	---	A1	
3.1.2.- APARELLADOR	1	1	A2	Cuberta interinidade
3.2.- SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS				
3.2.1.- POLICÍA LOCAL				
3.2.1.1.- INSPECTOR XEFE	1	---	A2	
3.2.1.2.- POLICÍAS	11	---	C1	
3.2.2.- PERSOAL DE OFICIOS				
3.2.2.1.- COORDINADOR (CAPATAZ)	1	---	C2	
3.2.2.2.- OFICIAL OBRAS	2	---	C2	
3.2.2.3.- PEON SEPULTUREIRO	1	---	C2	
3.2.2.4.- ELECTRICISTA	1	1	C2	Vacante
3.3.- INMOBLES ESCOLARES				
3.3.1.- CELADOR INMOBLES ESCOLARES	1	---	E (AA.PP)	
TOTAL	31	5	---	

B) PRAZAS SUXEITAS Á LEXISLACIÓN LABORAL

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	OBSERVACIÓNS
--------------	--------	----------	--------------

1.DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA			
UNIDADE DE REXISTRO, PADRÓN, ARQUIVO			
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	---	
2.DEPARTAMENTO DE OBRAS, LIMPEZA E SERVIZOS MÚLTIPLES			
UNIDADE DE OBRAS			
ARQUITECTO OFICINA REHABILITACION	1	---	
ADMINISTRATIVO OFICINA REHABILITACION	1	---	
OFICIAL ENCARGADO OBRAS	1	---	
OFICIAL OBRAS	1	---	
OPERARIO OBRAS- SERVICIOS MULTIPLES	2	---	
CONDUCTOR PALA RETROEXCAVADORA	1	---	
UNIDADE DE LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE			
XEFE GRUPO MEDIO AMBIENTE	1	---	
CONDUCTOR MECANICO	1	1	Vacante
OFICIAL CONDUCTOR	1	1	Vacante
CONDUTOR RECOLLIDA ENSERES	1	---	
CONDUCTOR VEHICULOS MUNICIPALES	1	1	Laboral indefinido
OPERARIOS SERVICIO RECOLLEITA	2	2	Laboral Indefinido
OPERARIOS SERVIZO LIMPEZA	9	4	Laboral Indefinido (3) Vacantes (1)
OPERARIO XARDIÑEIRIA	1	---	
OPERARIOS XARDIÑEIRIA-SERV. MULTIPLES	4	3	Vacantes (3)
CHOFER DESBROZADORA	1	1	Laboral indefinido
UNIDADE SERVIZOS MANTEMENTO			
AUXILIAR ELECTRICISTA	1	---	
3.DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS			
TRABALLADOR SOCIAL	2	1	Laboral Indefinido (1) Vencellado a subvención
EDUCADOR FAMILIAR	1	---	
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	---	
AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	12	12	Laboral Indefinido
AUXILIAR PISOS TUTELADOS	2	2	Laboral Indefinido
PSCOLOGO SERVICIO DROGODEPENDENCIA	1	---	
AVOGADA CENTRO INFORMACION MULLER	1	---	
4.DEPARTAMENTO DE CULTURA, XUVENTUDE, DEPORTE, TURISMO E DESENVOLVEMENTO LOCAL			
UNIDADE DE CULTURA			
TÉCNICO DE CULTURA	1	1	Laboral Indefinido
TECNICO INFORMACION XUVENIL	1	---	
AUXILIAR OFICINA TURISMO	1	1	Cuberta interina
BIBLIOTECARIA MUNICIPAL	1	---	
LIMPADORA BIBLIOTECA MUNICIPAL	1	---	Media xornada
UNIDADE DEPARTAMENTO DE DEPORTES			
RESPONSABLE INSTALACIONES DEPORTIVAS	1	1	Vacante (1)
MONITOR DEPORTES	1	1	Laboral Indefinido
UNIDADE DE INFORMACION AO CONSUMIDOR			
AUXILIAR O.M.I.C.	1	---	
UNIDADE DE MÚSICA			

PROFESORES ESCOLA DE MUSICA	10	6	Fixos descontinuos (4) Laboral Indefinido (3) Interinos (3)
UNIDADE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL			
AXENTE DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	---	
TOTAL	70	38	

C) PRAZAS DE PERSOAL EVENTUAL

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO	OBSERVACIÓNS
SECRETARIO/A PARTICULAR DE ALCALDÍA	1		C1	Acordo plenario 15/06/2011

Sexto. - Expoñer ao público o Orzamento Xeral aprobado e o Cadro de Persoal do Concello, por prazo de quince días, aos efectos do sinalado no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, considerándose definitivamente aprobado se no devandito termo non se presentan reclamacións.

2014.06.35.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACION DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. ROGOS E PREGUNTAS.-

DACIÓN CONTA DECRETOS DA ALCALDIA

Dase conta dos Decretos da Alcaldía-Presidencia dende o número 111 de data 16 de abril de 2014 ao número 200 de data 30 de xuño de 2014.

Interven en primeiro lugar o Concelleiro de UPRI que se refire a un Decreto de pagamento a SOGAMA, respostando o Sr.Alcalde amplamente sobre este asunto.

Refírese tamén ao decreto num. 156 que ten un reparo de Intervención, sobre facturas de E.on. O Sr.Alcalde sinala que se refire á necesidade de ter que acudir a unha licitación.

Sobre o decreto 168 realtivo á adquisición dunha finca en A Rochela o Sr.Alcalde resposta indicando que se trata dunha pequena parcela , especie de masa común, que se adquiriu para instalar unha depuradora mediante unha obra do POS.

Pregunta tamén o mesmo Concelleiro polo decreto nº 175 cunha sanción por vertidos en Cinxe, respostando o Sr.Alcalde sobre os pormenores deste asunto e resolución adoptada para resolver a depuracion nesta zona.

Intervén o Concelleiro do Grupo Popular Sr.Valín Valdés que pregunta polo decreto nº 118 relativo a inscrición dunha asociación que lle chama a atención aínda que fai unha actividade puntual en Ribadeo pero que ten o domicilio social fora de Ribadeo. Resposta a Concelleira de Cultura sobre este tema aclarando o asunto.

Refírese tamén o mesmo concelleiro a un centro de flores para o funeral de don Maximino Castro, decreto 124 na 2ª páxina, pai do concelleiro Sr.Castro Reigosa, respostándose polo Sr.Alcalde que xa se ten feito noutras ocasións e se ven facendo últimamente cando falece algún familiar directo dalgún membro dun Concelleiro ou concelleira.

O mesmo concelleiro pregunta sobre o decreto 149 relativo a unha cámara de vídeo para a oficina técnica, respostando o Sr.Alcalde que se adquiriu para gravar, en especial motivado polas fianzas que se existen para a retirada de madeira, polo estado dos camiños xa que ás veces non chega coas fotografías.

Pregunta tamén por un decreto de pagamento por vaciado da foxa séptica da Casa da Ría, respostando o Sr.Alcalde e Concelleiro delegado.

O Sr.Valín Valdés pregunta en relación ao decreto 170 dun cambio de titular no suministro eléctrico do titular do Teatro de Ribadeo, respostando o concelleiro de Economía e facenda Sr.Castro Reigosa que se fixo por problemas que se xeneraban no subministro de enerxía.

Decreto 183 sobre pagos de telefonía que hai un socorrista que no mes de abril aínda ten teléfono e pregunta se é un erro ou porque é, aínda que é moi pouco importe. O Sr. Alcalde refire que debe ser por non dar de baixa que é menos costoso mantelo en alta.

ROGOS E PREGUNTAS.-

DO PSG-PSOE

Intervén o Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández que formula un rogo sobre o festival de jazz celebrado estes días e que significa que se sinala “non che perdas” “Ría do Eo”, rúa “Rodríguez Rivas” e destaca que se trata de erros polo que se debería vixilar este tipo de cuestións xa que parece algo de “zarapallada”.

Outro rogo que xa fixo particularmente ao Sr.Alcalde sobre a empresa VIAQUA da que se reciben queixas, que está comunicando á xente que é a última vez que se pode pagar na “ventanilla” e que se vai pasar todo ao banco. Indica que debería comprobarse si esto pode ser así, que se mire.

Pide tamén, sobre unhas declaracións do concelleiro delegado de que non se tire aceite nos contenedores, que debería ordearse á Policía Local, ao Inspector Xefe, que se controle quen é o que tira e que debería investigarse e seguirse o rastro non so do aceite senon de bolsas que se depositan nos contenedores. Insiste en que é labor da policía e que debe vixilarse. Reitera tamén que ao Sr.Inspector Xefe da Policía pola infracción municipal aínda non se lle abriu expediente disciplinario e volve pedir que se lle abra expediente informativo, reiterando tamén que como se abriu a outros funcionarios municipais e sen cuestionar se era procedente ou non.

DE UPRI

O Concelleiro Sr.Reymondez Gancedo roga que na rúa José Couso que hai unha finca sen limpar e que debería esixirselle ao dono que a limpe. O Sr.Alcalde indica que ano tras ano se lle require para a limpeza.

No aparcadoiro de As Catedrais refírese ás autocaravanas que sempre están alí e que enchen o mesmo. Roga que se mire este asunto e se é factible facer algo para que non se convirta o aparcadoiro nun cámping.

Resposta o Concelleiro de Medio Ambiente sobre as xestións feitas sinalando que mentres estean aparcados sen despregar os calzos, etc. teñen a mesma consideración que calquera outro vehículo. Indica que non é fácil resolver o tema pero que insistirá.

Refírese tamén o mesmo Concelleiro a unhas tapas de sumidoiros existentes na estrada que vai ao barrio de Os Garitos que se atopan en mal estado. O Sr. Concelleiro D.Vicente Castro sinala que xa está enterado e en vías de solución.

O mesmo concelleiro Sr.Reymondez Gancedo pregunta por último sobre un vídeo aparecido en facebook sobre unha cisterna descargando sinalando o Sr.Alcalde que a explicación é que un señor que se dedica a xestionar os residuos de foxas sépticas con autorización da Xunta de Galicia o que fixo, ao parecer ,foi vaciar, entre outras, a do Restaurante de As Catedrais e alguén o filmou e o subiu ao facebook.

DO GRUPO DO PP.

A Concelleira Sr. López-Braña Freije, do Grupo municipal Popular, roga que se publique na web as retribucións dos concelleiros que se perciben do Concello e reiterando tamén que se faga público a execución dos orzamentos por concellerías sinalándose a que partidas se destina o orzamento de cada unha.

O Sr.Alcalde sinala que se ven facendo cando cada concellería indica ao longo do ano as actuacións que fan e os gastos que se orixinan.

Debátese sobre este asunto.

Intervén o Concelleiro Sr.Yañez Dablanca do mesmo Grupo que formula unha pregunta sobre os hortos ecolóxicos se están xa na data límite segundo a prensa xa que o dono da parcela pedía o remate, respostando o Sr.Alcalde que falou co titular e no momento que se decida rematar pois haberá que facelo.

Pregunta tamén sobre espectáculos con animais que hai veciños que lle requirían se había algúnha ordenanza sobre este asunto. Respostan o Sr.Alcalde e o Concelleiro Sr.Campos López sobre o asunto.

O Sr.Valín Valdés intervén pedindo que se traian a Pleno as mocións do seu Grupo que están olvidadas como por exemplo a de accesibilidade.

Roga que adopten medidas sobre o cheiro dos contenedores, respostando o Concelleiro de Medio Ambiente Sr. Cupeiro Rodríguez que están sobre o tema pero que non é doado porque hai xente que non se preocupa e que o que están facendo e substituír aqueles que cheiran moito por outros lavados.

Por último o Sr.Valín Valdés quere facer unha triple felicitación ao equipo de goberno, a primeira pola organización do Ribadeo Indiano, a segunda por recuperar a Feira do Libro e a terceira polas actividades como Ribadeo jazz que se celebraron recentemente.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintedúas horas e quince minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,